



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la necesaria corrección del rótulo de la nueva oficina de Policía para la expedición de documentos de identidad en Lugo.**

A finales de enero entró en funcionamiento la nueva oficina de expedición de documentos de identidad de la Policía, ahora trasladada a las antiguas oficinas de la Seguridad Social, en la Avenida de Ramón Ferreiro. Recientemente se ha instalado un rótulo exterior, sin embargo, sorprende que su contenido no se ajuste a la normativa sobre imagen corporativa que exige el respeto y la incorporación de las diferentes lenguas oficiales en el rótulo, tratándose de una Comunidad Autónoma con lengua propia.

Así, el Real Decreto 1465/1999, de 17 de septiembre, por el que se establecen criterios de imagen institucional y se regula la producción documental y el material impreso de la Administración General del Estado, regula en su artículo 6 el uso de las lenguas cooficiales en la señalización y carteles. Y establece que la señalización exterior identificativa de las oficinas administrativas será bilingüe, en castellano y en la lengua oficial correspondiente, así como los contenidos más relevantes de los carteles informativos o publicitarios que se elaboren para su ubicación en el ámbito territorial de una Comunidad Autónoma con lengua cooficial. El Manual de Imagen Institucional correspondiente que se apruebe en aplicación de este Real Decreto determinará los supuestos y formatos de las señales y carteles identificativos a los que se refiere este artículo.

Asimismo, el artículo 11, que regula los carteles, rótulos y señalización, establece que las señales exteriores identificativas de las unidades administrativas, así como los carteles informativos o publicitarios destinados a su ubicación en la vía pública urbana e interurbana, se ajustarán a lo dispuesto en el Manual de Imagen Institucional aprobado en aplicación de este Real Decreto y que en el ámbito territorial de las Comunidades Autónomas con lengua cooficial deberán cumplir lo dispuesto en el artículo 6 citado anteriormente.

Por ello, el BNG insta al Ministerio del Interior y a la Dirección General de la Policía a dar instrucciones precisas y corregir, a la mayor brevedad posible, la cartelería y señalización



exterior, e interior si la hubiera, por estar rotulada únicamente en castellano, incumpliendo la normativa de incorporar el gallego en todas las indicaciones instaladas en la nueva oficina de expedición de documentos de identidad en la ciudad de Lugo.

Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento el Ministerio del Interior de que los rótulos y la señalización instalada en la nueva oficina de expedición de Documentos de Identidad de la ciudad de Lugo ubicada en la Avenida Ramón Ferreiro está exclusivamente en castellano, vulnerando así la normativa sobre imagen corporativa de la Administración General del Estado que exige que sea bilingüe para respetar las lenguas oficiales en las Comunidades Autónomas con lengua propia?
2. ¿Podría dar instrucciones precisas para que los rótulos de esta oficina se corrijan de forma que cumplan la normativa vigente incorporando el gallego tanto en la señalización interior como exterior?
3. ¿Cuáles fueron los motivos por los que se vulneró la legalidad vigente y se ignoró la obligación de que toda la cartelería e información se facilite tanto en gallego como en castellano? ¿Se llevará a cabo una investigación al respecto?

Madrid, a 30 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

30 MAY. 2025 12:46:01

Entrada **70176**

Para incorporar o galego na rotulación da nova oficina da Policía de expedición do D.I. en Lugo

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita sobre a necesaria corrección da rotulación da nova oficina da Policía para a expedición do Documento de Identidade en Lugo.**

A finais do mes de xaneiro entraba en funcionamento a nova oficina para a expedición do documento de identidade da Policía, trasladadas agora ás antigas dependencias da Seguridade Social, na Avenida de Ramón Ferreiro. Recentemente, instalábase a rotulación exterior, porén, sorprende que o seu contido incumpra a normativa en materia de imaxe corporativa que exige o respecto e incorporación das distintas linguas oficiais na sinalética no caso de tratarse dunha Comunidade Autónoma con lingua propia.

Así, o Real Decreto 1465/1999, de 17 de setembro, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e se regula a produción documental e o material impreso da Administración Xeral do Estado regula no seu artigo 6 a utilización de linguas cooficiais en sinalizacións e carteis. E fixa que serán bilingües, en castelán e na lingua oficial correspondente, as sinalizacións exteriores de identificación das dependencias administrativas, así como os contidos máis relevantes dos carteis de carácter informativo ou publicitario que se elaboren para a súa localización no ámbito territorial dunha Comunidade Autónoma con lingua cooficial. O Manual de Imaxe Institucional que se aprobe en aplicación deste Real Decreto determinará os supostos e os formatos das sinalizacións de identificación e carteis a que se refire o presente artigo.



Así mesmo, o artigo 11 en que se regulan os carteis, rótulos e sinalizacións, establece que as sinalizacións exteriores de identificación das dependencias administrativas, así como os carteis de carácter informativo ou publicitario destinados á súa localización en vías públicas urbanas e interurbanas, axustaranse ao que dispoña respecto diso o Manual de Imaxe Institucional que se aprobe en aplicación do presente Real Decreto e que no ámbito territorial das Comunidades Autónomas con lingua cooficial deberán cumprir co disposto no artigo 6 antes citado.

Por tanto, o BNG reclama ao Ministerio do Interior e a Dirección Xeral da Policía que dean as instrucións precisas e se corrixan, á maior brevidade posíbel, os carteis e sinais exteriores, e interiores se os houber, rotulados unicamente en español incumprindo a normativa para incorporar o galego en todas as indicacións instaladas na nova oficina de expedición de documentos de identidade na cidade de Lugo.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. É coñecedor o Ministerio de Interior de que a rotulación e sinalética instalada na nova oficina de expedición do Documento de Identidade da cidade de Lugo sita na Avenida Ramón Ferreiro está exclusivamente en español vulnerando así a normativa en materia de imaxe corporativa da Administración Xeral do Estado que exige que sexa bilingüe para respectar os idiomas oficiais nas Comunidades Autónomas con lingua propia?
2. Dará as instrucións precisas para que se corrixa a rotulación desta oficina e se cumpra coa normativa vixente incorporando o galego na sinalética tanto interior como exterior?



3. Cales foron as razóns polas que se vulnerou a legalidade vixente e se obviou a obriga de que toda a cartelería e información se facilite tanto en galego como en español? Realizará unha investigación ao respecto?

Madrid, a 30 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso